

Vol. 18 2015

ISSN 1138-9664 ISSN-e 1988-3285

Madrygal

Revista de Estudios Gallegos

Centro de Estudos Galegos. Facultad de Filología



PUBLICACIONES UNIVERSIDAD
COMPLUTENSE DE MADRID

Sumario

Artigos

- Relaciones de poder y memoria de un linaje. La intervención de la Casa de Moscoso en la Compostela de los siglos XIV-XVI*
Carlos J. GALBÁN MALAGÓN 13-31
- Ficción y documentación en Hombre sin nombre (2006) de Suso de Toro*
José Manuel GONZÁLEZ HERRÁN 33-44
- Manuel Murguía e Rosalía de Castro nos inicios como escritora de Narcisa Pérez Reoyo*
Teresa LÓPEZ 45-57
- De Irlanda a Iberia: notas para a tradución de Eiléan Ní Chuilleanáin do inglés ao galego*
Kathleen MARCH 59-72
- Linguas en contacto na escrita electrónica galega: entre a Sociolingüística e a Pragmática*
Estefanía MOSQUERA CASTRO 73-82
- Franquismo e literatura galega: Non Chores, Sabeliña, a primeira obra da literatura galega de Posguerra. Entre o populismo e o rexoubeirismo*
Xulio PARDO DE NEYRA 83-95
- Leopoldo María Panero e Lois Pereiro: poéticas da transgresión*
Laura PIÑEIRO PAIS 97-110
- As categorías non verbais. Análise dunha narración oral en galego*
Aitor RIVAS 111-121
- Identidade sentimental, historia e política en A vila sulagada de Daniel Cortezón*
Santiago SANJURJO DÍAZ 123-135
- Raiñas de pedra: unha revisión humanizadora da vida e morte de Inés de Castro*
Soraya SUÁREZ QUINTAS 137-146
- A noite branca, entre o documental e o ficcional: a memoria silenciada da División Azul*
Dolores VILAVEDRA 147-155
- La etapa formativa de Picasso en Galicia*
Inmaculada ZURRÓN LÓPEZ 157-161

Varia

- “Danza da lúa en Santiago”. Suxerencias para unha aproximación a Federico García Lorca, poeta galego (1985)*
María Victoria MORENO e Xesús ALONSO MONTERO (nota introdutoria) 163-173
- Análise poética integral de “Negra sombra”*
Xosé AZAR 175-183

<i>Lagartos na sombra (Miserias de poeta)</i> Modesto HERMIDA	185-192
<i>Carta inédita de Celso Emilio Ferreiro</i> Claudio RODRÍGUEZ FER	193-194
<i>Corpos roubados</i> Raquel VILA AMADO	195-196
Crónica	
<i>Manuel Rodríguez Alonso e a “tremenda loita” contra o españolismo lingüístico</i> Francisco FERNÁNDEZ REI	197-200
<i>Filgueira Valverde en zapatillas</i> Ángeles FILGUEIRA IGLESIAS	201-204
<i>Carta a mi abuelo</i> Jorge URREA FILGUEIRA	205
<i>2015, ano ventureiro para os estudos madrigalegos</i> Lidia LÓPEZ TEIXEIRO	207-212
<i>Patrimonio cultural galego na Real Biblioteca do Escorial. Crónica dun reencontro</i> Ricardo PICHEL GOTÉRREZ	213-214
Creación	
LÍRICA	
<i>Poemas da miña vellez</i> Xosé AZAR	215-218
<i>Fotos de familia</i> Manuel FORCADELA	219-225
<i>Poemas</i> Gonzalo HERMO	227-228
<i>Escolma</i> Elías PORTELA vs. Elías “Knörr”	229-234
<i>Poemas</i> Claudio RODRÍGUEZ FER	235-237
<i>Poemas</i> Lara ROZADOS	239-241
<i>Poemas</i> Lidia TEIXEIRO	243-244
NARRATIVA	
<i>O crego harmónico</i> Xavier ALCALÁ	245-246
<i>As dúas mais do Sandro</i> Xavier FRÍAS CONDE	247-248

<i>Procurando unha ollada lila</i> Noelia GÓMEZ CALVO	249
<i>Non só a lingua, tamén a inútil desobediencia nos achega ao que non somos</i> Antonino NIETO RODRÍGUEZ	251-253
<i>Relatos</i> Begoña PAZ	255-259
<i>O solpor do fracaso</i> Laura PIÑEIRO PAIS	261
<i>O vestido vermello da avoa Carmen</i> Vanesa RODRÍGUEZ TEMBRÁS	263-266
<i>Relatos</i> Domingo VILLAR	267-268
TEATRO	
<i>Atracos</i> Roi VIDAL	269-275
Tradución	
<i>Konstantinos Jatzopoulos: “Non busco o alleo”</i> Victoria LENG	277-278
<i>“O último verán” de Mauro Corona</i> Alessandro ZAMENGO, Giada GIACOMEL e Giulia SCALCO	279-285
Entrevista	
<i>Úrsula Heinze. Viaxe ao real</i> Lidia TEIXEIRO	287-291
Recensións	
Luna Alonso, Ana <i>et al.</i> (2015) (eds.): <i>Literaturas extrajeiras y desarrollo cultural: hacia un cambio de paradigma en la traducción literaria gallega</i> Lúa CRUZ FERNÁNDEZ	293-295
Fernández Naval, Francisco X. (2014): <i>O soño galego de Julio Cortázar</i> María CURROS FERRO	295-297
VV.AA. (2013): <i>Cadernos de Fraseoloxía Galega</i> , nº 15 Alba DIZ VILLANUEVA	297-298
Acuña, Ana (ed.) (2014): <i>Letras nómades. Experiencias da mobilidade feminina na literatura galega</i> Alba DIZ VILLANUEVA	298-299
López Casanova, Arcadio (2014): <i>As voces da máscara (2006-2014)</i> Modesto HERMIDA	299-302
Reimóndez, María (2009): <i>Pirata</i> Ánxela LEMA PARÍS	302-303

Sumario

Llorca, Jorge (2014): <i>O violín de Rembrandt</i> Xosé Antonio LÓPEZ SILVA	303-304
Yáñez Jato, Rafael (2015): <i>Farewell</i> Lidia LÓPEZ TEIXEIRO	304-305
Quintía, Xerardo (2015): <i>O viaxeiro radical</i> Lidia LÓPEZ TEIXEIRO	305-306
Fernández Paz, Agustín (2014): <i>A viaxe de Gagarin</i> Lidia LÓPEZ TEIXEIRO	306-307
Alonso Montero, Xesús (2013): <i>Ricard Salvat (1934-2009) e o teatro galego</i> Clara Isabel MARÍN GARCÍA	308-309
Ramos, Baldo (2014): <i>Cartografía do exilio</i> Isabel MOCIÑO GONZÁLEZ	310-311
García Vega, Lucía (2014): <i>Rosalía de Castro e os lugares de Cantares gallegos</i> Laura PIÑEIRO PAIS	311-313
González Fernández, Helena e Cebreiro Rábade, María do Cebreiro (2012): <i>Canon y subversión. La obra narrativa de Rosalía de Castro</i> Sebastian STRATAN	313-315

Madrygal. Revista de Estudios Gallegos

ISSN: 1138-9664

Vol. 18

2015

Contents

Articles

- Territorial Power and the History of a Lineage. The Intervention of the House of Moscoso in Santiago de Compostela from the 14th to the 16th Century*
Carlos J. GALBÁN MALAGÓN 13-31
- Fiction and Documentation in Suso de Toro's Hombre sin nombre*
José Manuel GONZÁLEZ HERRÁN 33-44
- Manuel Murguía and Rosalía de Castro in her Early Stages as Narcisa Pérez Reoyo's Work*
Teresa LÓPEZ 45-57
- Ireland to Iberia: Translating Eiléan Ní Chuilleanáin from English to Galician*
Kathleen MARCH 59-72
- Language Interaction in Galician Electronic Writing. A Sociolinguistic and Pragmatic Approach*
Estefanía MOSQUERA CASTRO 73-82
- Franco's Regime and Galician Literature: Non chores, Sabeliña, the first Galician Literary Work during the Postwar Period. Between the populism and the "rexoubeirismo"*
Xulio PARDO DE NEYRA 83-95
- Leopoldo María Panero and Lois Pereiro: Poetics of Transgression*
Laura PIÑEIRO PAIS 97-110
- Non-Verbal Categories. Analysis of an Galician Oral Narrative*
Aitor RIVAS 111-121
- Sentimental Identity, History and Politics in Daniel Cortezón's A vila sulagada*
Santiago SANJURJO DÍAZ 123-135
- Raiñas de pedra: a Humanizing Review of Inés de Castro's Life and Death*
Soraya SUÁREZ QUINTAS 137-146
- A noite branca, between the Documentary and Fictional: the Silenced Account of the Blue Division*
Dolores VILAVEDRA 147-155
- The Formative Stage of Picasso in Galicia*
Inmaculada ZURRÓN LÓPEZ 157-161
- Varia**
- "Danza da lúa en Santiago". Suggestions for an Approach to Federico Garcia Lorca, Galician Poet (1985)*
María Victoria MORENO and Xesús ALONSO MONTERO (introductory note) 163-173
- Full Poetry Analysis of "Negra sombra"*
Xosé AZAR 175-183

<i>Lizards in the Shade (Poetic Miseries)</i> Modesto HERMIDA	185-192
<i>Celso Emilio Ferreiro's Unpublished Letter</i> Claudio RODRÍGUEZ FER	193-194
<i>Stolen Bodies</i> Raquel VILA AMADO	195-196
Chronicle	
<i>Manuel Rodríguez Alonso and the "Tremendous Struggle" against Spanish Linguistic Imperialism</i> Francisco FERNÁNDEZ REI	197-200
<i>Filgueira Valverde in Slippers</i> Ángeles FILGUEIRA IGLESIAS	201-204
<i>Letter to my grandfather</i> Jorge URREA FILGUEIRA	205
<i>2015, Prosperous Year for Madrid's Galician Community Studies</i> Lidia LÓPEZ TEIXEIRO	207-212
<i>Galician Cultural Heritage in the Royal Library of El Escorial. Chronicle of a Reencounter</i> Ricardo PICHEL GOTÉRREZ	213-214
Creation	
LYRIC	
<i>Poemas da miña vellez</i> Xosé AZAR	215-218
<i>Fotos de familia</i> Manuel FORCADELA	219-225
<i>Poems</i> Gonzalo HERMO	227-228
<i>Selection</i> Elías PORTELA vs. Elías "Knörr"	229-234
<i>Poems</i> Claudio RODRÍGUEZ FER	235-237
<i>Poems</i> Lara ROZADOS	239-241
<i>Poems</i> Lidia TEIXEIRO	243-244
NARRATIVE	
<i>O crego harmónico</i> Xavier ALCALÁ	245-246
<i>As dúas mais do Sandro</i> Xavier FRÍAS CONDE	247-248

<i>Procurando unha ollada lila</i> Noelia GÓMEZ CALVO	249
<i>Non só a lingua, tamén a inútil desobediencia nos achega ao que non somos</i> Antonino NIETO RODRÍGUEZ	251-253
<i>Tales</i> Begoña PAZ	255-259
<i>O solpor do fracaso</i> Laura PIÑEIRO PAIS	261
<i>O vestido vermello da avoa Carmen</i> Vanesa RODRÍGUEZ TEMBRÁS	263-266
<i>Tales</i> Domingo VILLAR	267-268
THEATER	
<i>Atracos</i> Roi VIDAL	269-275
Translation	
<i>Konstantinos Jatzopoulos: "Non busco o alleo"</i> Victoria LENG	277-278
<i>"O último verán" by Mauro Corona</i> Alessandro ZAMENGO, Giada GIACOMEL and Giulia SCALCO	279-285
Interview	
<i>Úrsula Heinze. A Trip to Reality</i> Lidia TEIXEIRO	287-291
Reviews	
Luna Alonso, Ana <i>et al.</i> (2015) (eds.): <i>Literaturas extrajeiras y desarrollo cultural: hacia un cambio de paradigma en la traducción literaria gallega</i> Lúa CRUZ FERNÁNDEZ	293-295
Fernández Naval, Francisco X. (2014): <i>O soño galego de Julio Cortázar</i> María CURROS FERRO	295-297
VV.AA. (2013): <i>Cadernos de Fraseoloxía Galega</i> , nº 15 Alba DIZ VILLANUEVA	297-298
Acuña, Ana (ed.) (2014): <i>Letras nómades. Experiencias da mobilidade feminina na literatura galega</i> Alba DIZ VILLANUEVA	298-299
López Casanova, Arcadio (2014): <i>As voces da máscara (2006-2014)</i> Modesto HERMIDA	299-302
Reimóndez, María (2009): <i>Pirata</i> Ánxela LEMA PARÍS	302-303

Contents

Llorca, Jorge (2014): <i>O violín de Rembrandt</i> Xosé Antonio LÓPEZ SILVA	303-304
Yáñez Jato, Rafael (2015): <i>Farewell</i> Lidia LÓPEZ TEIXEIRO	304-305
Quintía, Xerardo (2015): <i>O viaxeiro radical</i> Lidia LÓPEZ TEIXEIRO	305-306
Fernández Paz, Agustín (2014): <i>A viaxe de Gagarin</i> Lidia LÓPEZ TEIXEIRO	306-307
Alonso Montero, Xesús (2013): <i>Ricard Salvat (1934-2009) e o teatro galego</i> Clara Isabel MARÍN GARCÍA	308-309
Ramos, Baldo (2014): <i>Cartografía do exilio</i> Isabel MOCIÑO GONZÁLEZ	310-311
García Vega, Lucía (2014): <i>Rosalía de Castro e os lugares de Cantares gallegos</i> Laura PIÑEIRO PAIS	311-313
González Fernández, Helena and Cebreiro Rábade, María do Cebreiro (2012): <i>Canon y subversión. La obra narrativa de Rosalía de Castro</i> Sebastian STRATAN	313-315

Manuel Murguía e Rosalía de Castro nos inicios como escritora de Narcisa Pérez Reoyo*

Manuel Murguía and Rosalía de Castro in her Early Stages as Narcisa Pérez Reoyo's Work

Teresa LÓPEZ

Universidade da Coruña
Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística
t.lopez@udc.es

[recibido 18/03/2015, aceptado 25/07/2015]

RESUMO

En 1865 Narcisa Pérez Reoyo publica na Coruña o seu primeiro poemario, *Cantos de la infancia*, prologado por Manuel Murguía e que inclúe un poema dedicado a Rosalía de Castro. Este artigo trata das relacións do matrimonio Murguía-Castro coa escritora novel, no contexto da literatura escrita por mulleres no século XIX e da construción da literatura galega.

PALABRAS CHAVE: Rexurdimento, Provincialismo, Mulleres escritoras, Narcisa Pérez Reoyo, Manuel Murguía, Rosalía de Castro.

RESUMEN

En 1865 Narcisa Pérez Reoyo publica en A Coruña su primer poemario, *Cantos de la infancia*, prologado por Manuel Murguía y que incluye un poema dedicado a Rosalía de Castro. Este artículo se ocupa de las relaciones del matrimonio Murguía-Castro con la escritora novel, en el contexto de la literatura escrita por mujeres en el siglo XIX y de la construcción de la literatura gallega.

PALABRAS CLAVE: Rexurdimento, Provincialismo, Mujeres escritoras, Narcisa Pérez Reoyo, Manuel Murguía, Rosalía de Castro.

ABSTRACT

In 1865, Narcisa Pérez Reoyo published in A Coruña *Cantos de la infancia*, her first collection of poems, prefaced by Manuel Murguía. It includes a poem dedicated to Rosalía de Castro. This article addresses the relationship between the Murguía-Castro couple and the young writer, in the context of 19th-century literature written by women and of the development of Galician literature.

KEYWORDS: *Rexurdimento*, Provincialism, Women Writers, Narcisa Pérez Reoyo, Manuel Murguía, Rosalía de Castro.

LÓPEZ, T. (2015): "Manuel Murguía e Rosalía de Castro nos inicios como escritora de Narcisa Pérez Reoyo", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos (Madr.)*, 18: 45-57.

SUMARIO: 1. A escritora Narcisa Pérez Reoyo 2. *Cantos de la infancia* 2.1. Un prólogo polémico. 2.2. A poesía de Narcisa Pérez Reoyo segundo Murguía 3. Narcisa Pérez Reoyo e Rosalía: un poema e unha carta 4. Referencias bibliográficas.

* Este artigo enmárcase no proxecto *Cronoloxía da literatura galega (1801-1900)* (FFI2012-37891) concedido polo Ministerio de Economía e Competitividade.

1. A ESCRITORA NARCISA PÉREZ REOYO

Narcisa Pérez Reoyo y Soto (Compostela¹ 1849 - A Coruña 1876) foi autora de tres volumes poéticos –*Cantos de la infancia* (1865), *Devocionario infantil en verso* (1867) e *Horas perdidas* (1873)– e colaboradora en publicacións periódicas e obras colectivas (Simón Palmer 1991, Marco 1993). Filla única do médico e escritor Narciso Pérez Reoyo e de Pepa Soto, desde moi cedo manifesta unha vocación literaria que o pai tutelará e guiará. Casou con Nicolás Boado –como Narcisa Pérez Reoyo de Boado asinará o terceiro dos seus libros–, con quen tivo dous fillos.

Nos estudos sobre a literatura decimonónica de autoría feminina en España é citada entre as escritoras católicas isabelinas e relacionada co círculo máis próximo á propia raíña (Simón Palmer 2011). Exemplos disto serían, entre outros, o amadriñamento dun fillo por Isabel II, a colección de poesías dedicadas a Alfonso XII, os poemas devotos, o vínculo coa Academia bibliográfica mariana e a publicación de colaboracións en *La Voz de la Caridad* ou a *Revista Católica*².

Mais Narcisa Pérez Reoyo tamén é unha das autoras que contribuíron para obras senlleiras na literatura provincialista galega como o *Álbum de la Caridad* (1862)³ e os *Almanques de Galicia* para os anos 1866 e 1869 de Soto Freire, tamén editor do *Devocionario* e de *Horas perdidas*. Aínda máis, o seu poemario inicial vai ser prologado por Manuel Murguía e incluírá o recoñecemento á autora de *Cantares Gallegos* no poema “A la eminente poetisa Señora Doña Rosalía Castro de Murguía”.

A actividade como escritora de Narcisa Pérez Reoyo seguiu as regras dun certo “decoro”

que a moral social dominante impuña ás mulleres para o exercicio literario, limitando os asuntos tratados e mesmo o xénero literario utilizado. No prólogo a *Horas perdidas* Manuel Cañete lembra que a autora

conserva en el santuario de su pecho, como fuego que alumbra pero que no abrasa, el amor á la religión, á la moral, á las tradiciones de su patria; y afligida ante el espectáculo de las miserias que nos rodean, vuelve los ojos á otros tiempos para cantar con el fervor de su alma pura los prodigios de la Fé, los inefables encantos de la Esperanza, las satisfacciones y los consuelos que engendra la Caridad. (Cañete 1873: VI)

Eis o repertorio admisíbel dun punto de vista conservador para unha muller que escribe.

Canto ao propio exercicio da escrita e a súa proxección social, tamén existían estritos límites non escritos. Debía facer parte do tempo de lecer –por tanto, non restar tempo aos cometidos domésticos propiamente femininos e ficar á marxe da profesionalización– e fuxir de calquera pretensión intelectual –como nos lembra Rosalía en “Las literatas. Carta a Eduarda” (Castro 1865).

Manuel Cañete sinala como Narcisa Pérez Reoyo “ha consagrado sus ocios al cultivo de las musas” (1873: VI); e a propia autora afirmará na dedicatoria do *Devocionario infantil* que “sin fatiga ha brotado de mi alma fervorosa” (1867), subliñando así a súa condición de escritora *natural*, afastada de calquera pretensión ou empresa de carácter *intelectual*, unha condición na que seu propio pai, xa falecida a escritora, insistirá, ao marcar a súa carencia case absoluta de educación, xustificada pola súa fraxilísima saúde:

¹ Tomamos o dato da carta de seu pai, Narciso Pérez Reoyo, reproducida en Vicenti (1880).

² Na Biblioteca Real consérvase unha colección de sete poesías dedicadas a Alfonso XII compostas entre 1871 e 1875 (signatura II / 3482). Coa súa poesía relixiosa concorreu e foi premiada en certames devotos (Vicenti 1880).

³ Co poema “A una golondrina” (Pérez Reoyo 1862). No título unha nota a rodapé: “Este poesía debida á las felices disposiciones de una niña de doce años, fué copiada del Album de la señora Doña Julia Viqueira de Lopez Corton” (N. del C.).

La vida del campo, algunos pequeños viajes y la proscripción absoluta de toda educación intelectual, contribuyeron poderosamente á su regular desarrollo. Dicha privación la contrariaba mucho; pues desde pequeña demostraba ánsia de saber. Por fin, cuando tenía ya de diez á once años, condescendí un poco con sus deseos, y entónces, en pocos dias aprendió a leer bien y á escribir medianamente, ramos que, con los de labores de manos que la gustaban extraordinariamente, constituyeron toda su enseñanza. (Vicenti 1880)

Que nestas afirmacións hai moito de estratexia discursiva sabémolo porque o pai da poeta, en carta a Murguía de 30 de outubro de 1867, di que Narcisa comezou a estudar francés e que comparte con el a opinión de que “debe estudiar, y después *escribir cosas más levantadas*, pues es indudable que su cabeza no es vulgar. Dios quiera que nuestras esperanzas no salgan defraudadas” (Barreiro e Axeitos 2003: 439; *italico meu*). Claramente ambos os dous trataban de preparar a rapaza para afrontar unha produción literaria de características diferentes aos empeños que a ocuparan até ese momento, que requiriría o coñecemento da lingua de cultura na altura, o francés, como medio para poder adquirir unha educación literaria. Pode ser que este plano formativo non chegase a completarse mais tamén é indubidábel que, mesmo así, seu pai está a facer pública só unha parte da información: aquela que mellor encaixa coa idea dunha poeta *naturalmente* dotada.

A fragilidade de saúde e a condición de escritora-nena (sempre subliñadas) van reforzar a idea da necesidade de tutela masculina, paterna neste caso, sobre ela. É seu pai quen vai guiar a maior parte dos pasos para a proxección pública de Narcisa Pérez Reoyo como escritora, desde o poemario inicial, *Cantos de la infancia* –do cal nos ocuparemos a seguir– até *Horas perdidas* (1873), “coleccion de varios juguetes que había yo ido recogiendo y que se dieron á la estampa con gran disgusto de la autora...” (en Vicenti 1880). Da mediación paterna temos máis unha mostra na dedicatoria do exemplar desta última obra conservado na biblioteca da Real Academia Galega (coa signatura 10106): “Al destacado Jurisconsulto y Literato, Sr. D. Eduardo Hermosilla. Como

recuerdo cariñoso de la Autora, un apasionado amigo, Narciso Pérez Reoyo”.

Certamente acollerse á autoridade masculina formaba parte das estratexias para a irrupción no espazo público das mulleres escritoras, con todas as consecuencias. Unha delas, deixar en mans alleas a construción da imaxe pública como escritora e renunciar a ter voz fóra do estrito ámbito da creación literaria. Non todas as escritoras actuaron desta forma –Rosalía sería exemplo exactamente do contrario– mais si o fixeron moitas, deixándose construír unha imaxe presidida polo recato, a modestia, a falta de pretensións, a carencia de ambición, o carácter *natural* da escrita. Narcisa Pérez Reoyo responde a este modelo, un modelo que tamén foi construído e aplicado, *malgré elle* e con carácter póstumo, á propia Rosalía.

Dous dos libros de Narcisa van ter prologoísta masculino: Manuel Murguía para *Cantos de la infancia* e Manuel Cañete, académico da Real Academia Española, para *Horas perdidas*. Ademais, a “Advertencia” colocada á fronte de *Cantos de la infancia* está redixida nunha ambigua terceira persoa gramatical, que tanto pode agachar a autora como, máis probablemente, os editores. Só no caso do *Devocionario infantil* vai ser a propia Narcisa Pérez Reoyo quen explique en primeira persoa as razóns da creación do volume, no breve prólogo que segue a licenza arcebispal.

Narcisa Pérez Reoyo acabará por ser o modelo de escritora que represente os valores do *anxo do fogar*, polos asuntos que tratará na súa obra poética mais tamén pola súa imaxe e a súa práctica pública: o exercicio da escrita desde a promoción da virtude e a produción principalmente de textos de carácter espiritual, moralizantes e formativos. Por isto, será aceptada dentro das marxes que o código social establece para a escritora, como unha faceta posíbel para a muller “discretamente culta” que en primeiro lugar atende as tarefas domésticas (Servén 2008) e que non pretende facer da escrita exercicio profesional e disputar así o espazo público á hexemonía masculina (Sáez Martínez 2008).

2. CANTOS DE LA INFANCIA

Cantos de la infancia (1865) fora concebido como unha colección de poemas da novísima autora destinada ao seu círculo de amizades, segundo explica a “Advertencia” inicial:

Al decidirse a imprimir la presente colección de poesías, estaba muy lejos del ánimo de su autora la idea de que su humilde nombre figurase al frente de ellas. Mas, habiéndose publicado algunas de estas composiciones suscritas por la autora, figurando aquel al pie de las que ha escrito en diferentes albums, y haciéndose esta edición tan solo para el reducido número de sus amigos (1), se ha visto obligada, bien á pesar suyo, a unir á ella su nombre, recelosa de las interpretaciones á que en este caso pudiese prestarse el anónimo. (Pérez Reoyo 1865: 5-6)

Con esa finalidade estaba a imprimirse na Tipografía Galaica da Coruña⁴ aínda que, finalmente, se editou tamén como folletín do xornal *El Avisador*⁵, tal e como se explica nunha nota a rodapé (Pérez Reoyo 1865: 5, n. 1), alcanzando unha ampla difusión.

O tomo está composto por un total de 52 poemas –escritos entre abril de 1861 e abril de 1865, segundo as datacións que figuran no final da maior parte deles–, precedidos dunha dedicatoria en verso aos pais da autora e do “Prólogo” que Manuel Murguía asina en Madrid a 15 de xuño de 1864.

O carácter inicialmente privado da maior parte dos poemas ponse de manifesto nos títulos, sobre todo nas referencias paratextuais ás circunstancias da súa composición: escritos con motivo de aniversarios, con frecuencia compostos “En el álbum de...”. Aínda que non sempre as dedicatorias dan testemuño dunha relación íntima, en moitos casos si aluden

explicitamente á amizade (“a mi querida amiga”, “a mi querido amigo”) ou ao parentesco entre a escritora e as persoas destinatarias (seu pai, súa nai, a madriña, primas, tías e tíos). Máis da metade dos poemas que compoñen o volume, 27, están dedicados: 19 a mulleres e 8 a homes. Esta información permite reconstruír a rede de relacións da escritora e achéganos á función que a poesía tiña en certos círculos sociais: prenda de amizade, tributo en ocasións sinaladas, mesmo consolo ante a perda dun ser querido (“El llanto de una madre”, está dedicado “A mi querida tía Doña Raimunda Soto de Iglesias, con motivo de la muerte de su hijo”). Neste sentido, o poemario responde en parte aos usos sociais entre as mulleres cultas que escribían poemas para o entorno familiar “incluyendo también entre ellos alguno especial para personalidades locales de las letras, que podrían impulsar sus carreras” (Simón Palmer 1983: 484), como veremos.

É a creación poética feminina concebida como unha extensión do ámbito doméstico, cunha función de socialización nun ámbito semiprivado e que, a partir del, pode dar o salto ao espazo público. Os elementos paratextuais do volume de Narcisa Pérez Reoyo (a advertencia, a nota da redacción, as dedicatorias, o prólogo) van subliñar esta duplicidade e pór de manifesto a dialéctica, non exenta de contradicións e tensións, entre o privado e o público.

2.1. MANUEL MURGUÍA: UN PRÓLOGO POLÉMICO

O “Prólogo” de Manuel Murguía a *Cantos de la infancia* está asinado en Madrid, a 15 de xuño de 1864, varios meses antes da data dos poemas máis recentes do volume, de abril de

⁴ A edición de autora leva como subtítulo *Colección de poesías de la Señorita Doña Narcisa Perez Reoyo y Soto*. Puidemos consultar un exemplar na biblioteca da Hispanic Society of America, no fondo do seu fundador, Archer Milton Huntington. Este exemplar está dedicado “A la Señora D^a Ramona Pidal de Menéndez. En prueba de afectuosa simpatía. La Autora”. Ramona Pidal de Menéndez é a nai de Ramón Menéndez Pidal, que nace na Coruña en marzo de 1869.

⁵ Un exemplar de *Cantos de la infancia* resultado de coleccionar as entregas do folletín consérvase na biblioteca da Real Academia Galega (signatura 4403).

1865. Murguía redíxeo como resposta á petición que Narciso e Claudio Pérez Reoyo, pai e tío da poeta, lle realizan en carta de 28 de febreiro de 1864:

Decididos a imprimir anónimas en un tomito las composiciones de nuestra poetisa en ciernes precedido de la introducción que con tanta amabilidad nos ofreció U. para encabezarle, molestamos hoy su fina atención rogándole que tenga la bondad de escribirla cuando guste y remitirnosla para darlas a la imprenta. (Barreiro e Axeitos 2003: 227-228)

Xunto coa carta remitiran a copia das composicións, agás “dos o tres que se trae entre manos y que concluirá durante el tiempo que U. invierta en escribir su introducción”, entre elas un “un cuentecito en romance, que si no la mejor, será la más larga de sus composiciones” (2003: 228). Insisten en lembrar que “esta niña tiene 14 años, y que empezó a escribir esos enredos a la edad de 11, sin educación de ningún género ni más hábito de lectura que la propia de su edad, a causa de haber sido siempre y continúa siendo de salud sumamente delicada” (2003: 228).

Nesa altura Manuel Murguía era unha personalidade relevante que recibira xa o encargo de escribir a *Historia de Galicia*, e que meses despois vai ser exaltado como “ilustre historiador de Galicia” por Antonio Rotea no *Almanaque para 1866* de Soto Freire. Narciso Pérez Reoyo era un médico cunha coñecida actividade pública, deputado provincial, que vai desempeñar un papel decisivo no apoio económico que a Deputación provincial vai conceder a Murguía para a elaboración e a publicación da *Historia de Galicia*⁶ (Barreiro 2012). Da relación entre ambos temos testemuño na correspondencia con Murguía editada por Barreiro e Axeitos (2003-2005), que recolle cartas do médico ao historiador de 28 de febreiro de 1864 a 20 de xullo de 1885.

Ao acollerse á *auctoritas* murguiana o poemario responde ás estratexias de presentación no mundo literario utilizadas por autores novos, especialmente mulleres. Murguía máis unha vez móstrase disposto a “ayudar al que empieza”, tal e como afirmara na recensión de *La flor*, o primeiro poemario rosaliano, para *La Iberia* (Murguía 1857).

O prólogo comeza coa exaltación de Galiza como natureza –“parece que Dios quiso favorecerla con la fertilidad y la hermosura, y por eso pocos pueblos habrá que posean todo lo que ella encierra en su fecundo seno” (Murguía 1865: 9)– e a “raza” que habita o territorio como “fuerte y varonil” –caracterización analizada por Miguélez-Carballeira (2014)–, mentres o canto popular está impregnado da melancolía “patrimonio de los pueblos septentrionales”, un elemento recorrente nos escritos murguianos desta altura e unha afirmación que fará fortuna na historiografía literaria galega do século XIX.

Logo destes prolegómenos, Murguía entra en materia literaria, para sinalar como, a pesar da capacidade da raza para a poesía, faltan poetas. Unha ausencia que atribúe á ignorancia, ao egoísmo, á indiferenza e á falta de educación literaria do público en Galiza, o que constitúe toda unha carga de profundidade contra a falta de interese pola cultura e pola literatura da emerxente pequena burguesía e da suposta clase intelectual galega: “El jurisconsulto distinguido, el médico notable, el propietario, el comerciante de verdadero génio, el profesor, el teólogo, todos, todos á una creen que las obras literarias ni aún de distraccion y de solaz sirven en los momentos de ocio” (Murguía 1865a: 13).

A crítica ao desleixo polo traballo intelectual, pola literatura e polas artes en Galiza era unha vella teima murguiana, que consideraba que o estado dunha civilización se medía polo

⁶ Foi autor de *Viaje a Palestina, Egipto y otros países del Oriente* (Soto Freire, Lugo, 1882-1883), fundador da sociedade *El Folklore Gallego*, e dedicou unha sentida loa necrolóxica a Rosalía (*La Patria Gallega* 15/06/1891).

das súas letras (Murguía 1858). En xornais galegos e madrileños, Murguía viña analizando as causas do atraso artístico galego, responsabilizando a unha clase dirixente que non cría en Galiza e a uns artistas que ignoraban a tradición popular (Barreiro 2012: 253-54). Estas afirmacións foran xa motivo dunha acendida polémica entre *El Miño* e *La Joven Galicia* no ano 1860 a raíz dun artigo de Murguía publicado no primeiro no que, a propósito das procesións de Semana Santa, denunciaba a mediocridade da imaxinaría relixiosa (2012: 224 e ss.).

A xustificación que el propio aduce para facer esas afirmacións en función de prologuista é realizar un servizo patriótico e servir de axuda a aqueles que, como Narcisa Pérez Reoyo, se inician no mundo literario: “lo decimos por Galicia, cuyas glorias tan de veras amamos, lo decimos por esos desgraciados séres, que como la niña, (que niña es la autora de estos versos) de que vamos á ocuparnos, abren su alma á los primeros rayos de una inspiración temprana” (Murguía 1865a: 16-17). Nesa súa misión, advirte á novel escritora dos perigos que a esperan, non por ser muller escritora, nin unha escritora nova, senón por escribir *en* Galiza.

As palabras de Murguía van provocar unha irada reacción anónima e presuntamente colectiva no mesmo xornal, *El Avisador*, en que se estaba a editar a colección. No número de 30 de maio de 1865, e segundo nos informou Celia Armas (2002: 256-258), publícase sob o rubro “Polémica. Dos palabras sobre el prólogo suscrito por el Sr. Murguía al frente de la colección de poesías de la Srta. Pérez Reoyo” unha nota anónima asinada por “varios gallegos que no pueden ser injustos con sus paisanos admitiendo las ideas del Sr. Murguía”.

Os asinantes contestan unicamente ao prologuista —e só lateralmente se refiren a autora en calidade de “víctima”—, pois ven nas súas

palabras “un catálogo de impropiedades” e expresan a súa indignación porque “un gallego juzgue á sus paisanos de una manera tan inusitada como poco honrosa”. Frente a isto, a súa reacción é subliñar como “el carácter gallego gusta de las poesías que tienen un pensamiento grande, ú original” e colocar como modelo literario a Espronceda, dando así plena razón ao argumentario murguiano. A resposta é contra Murguía mais, sobre todo, contra o que Murguía representaba: as ideas provincialistas e a promoción dunha literatura que as plasmase.

Juan Compañel, en carta sen data dirixida a Murguía, menciona que lera a “zurra escrita en tonto y estúpida en la que no se hace más que probar tus asertos” (Barreiro e Axeitos 2003: 305) y aconséllalle non “contestarla, y si lo haces, con muy pocas palabras *de coña*” (2003: 305). O propio Narciso Pérez Reoyo chata o artigo de “incañificable comunicado vergonzante” (2003: 305). Por esta mesma carta —que se conserva incompleta e sen data— sabemos que identificara ao autor da réplica a Murguía —“¡Privilegio bien poco envidiable de un escritor, a quien por la pureza del estilo, por la elevación de los conceptos, y por la sublimidad de la doctrina no puede confundirse con otro alguno!” (2003: 305)— e que Murguía respondera (“La contestación de U. me ha gustado muchísimo. Es digna, intencional y oportuna; y su estilo el que conviene al objeto”, 2003: 305), aínda que estima que a mellor resposta “para el tal mozo es la publicación de la Historia de Galicia” (2003: 305). A mesma carta recolle en *post scriptum* “Las poesías siguen publicándose aunque con calma”.

Mais as posicións de Murguía tamén suscitaron nesa altura tensións no ámbito da literatura provincial. Unha nota da *Historia de Galicia*⁷ desagradara aos poetas do país que “se preparan a contestar a U. en la prensa local” segundo advirte o propio Pérez Reoyo a

⁷ A extensa nota analizaba o cultivo literario do galego a partir do segundo terzo do XIX e insistía na necesidade de crear ferramentas para a escrita da lingua (gramáticas e dicionarios) e de difundir “las cántigas populares, los cuentos y las tradiciones, las obras que se conservan escritas en gallego” “trabajos [que] deben encomendarse a *personas verdaderamente competentes*” (Murguía 1865b: 294, n.1; *italico meu*).

Murguía, en carta de 19 de xullo de 1866. Entre outras cuestións, Murguía sinalaba con crueza “¡que el emplear el gallego en composiciones poéticas, no presta el mas pequeño soplo de inspiración al que carece de ella!” (Murguía 1865b: 294). Finalmente, o debate non chega ao espazo público –como confirma Pérez Reoyo nunha carta posterior (1865b: 424)– mais non por iso deixou de producirse.

2.2. A POESÍA DE NARCISA PÉREZ REOYO SEGUNDO MURGUÍA

Á marxe de afirmacións polémicas, Manuel Murguía marca no prólogo as liñas de lectura da poesía de Narcisa Pérez Reoyo. Fundado na súa condición de poeta case infantil, insistirá nas alusións á frescura, á pureza, á sinxeleza, á inocencia, á espontaneidade propias da temperá idade da autora, e na utilización de símiles do mundo da natureza para describir os poemas (“canta a la manera que los vientecillos susurran en la alameda vecina”). Así, a súa poesía presentábase como resultado do contacto cun contorno natural e co mundo rural mais tamén dun certo exercicio reflexivo: “sabe que la naturaleza es fuente eterna de poesía y que la meditación es la fecunda hermana de las musas”.

O resultado: uns versos cheos de suavidade, dozura, lene melancolía, trazos con que Manuel Murguía viña caracterizando a literatura galega (Murguía 1858). Nesta secuencia, o prologuista destaca “Apariencias”, “A una golondrina” –o poema publicado no *Álbum de la Caridad*– e “Un recuerdo del campo”, realizando unha selección que exemplifica os trazos que el propio destaca e que non son, pensamos, os máis representativos, cando menos cuantitativamente, do volume, pródigo en poemas que cantan, non tanto “as pombas” como “as flores” –na liña da construción da subxectividade feminina na poesía romántica explicada por Kirpatrick (1989)–, e que inclúe outros de tema relixioso (“Al Señor. Himno”,

“Al Sagrado Corazón de Jesús. Oración”). É certo que os poemas que ampliaban o abano xenérico do volume –como a lenda narrativa “Heroísmo de una dama. Leyenda”⁸– probablemente non estaban aínda compostos a 15 de xuño de 1864, data en que está asinado o prólogo.

Murguía vai utilizar a proximidade do lugar de nacemento da autora ao de Rosalía –denominada perifrasticamente “aquella á quien amamos con toda nuestra alma, y a quién las musas, mas de una vez, se le han mostrado propicias”– como estratexia para a posta en valor da poesía de Narcisa Pérez Reoyo e, implicitamente, da poesía dos *Cantares Gallegos* como modelo canónico.

Como colofón, e logo de sentar que “Toda inteligencia pertenece a su patria y a su tiempo”, apela á condición de muller da autora para lle atribuír unha función de mediadora: “Galicia necesita palabras de consuelo, no se las niegues; la humanidad espera que la mujer que haya nacido con un corazón puro y exento de los rencores de los hombres, predique la paz y la unión entre los humanos” (Murguía 1865a: 26).

A procura da similitude rosaliana, a caracterización da poesía da xoven poeta, con énfase en determinados trazos, e este apelo final parecen claras estratexias para sumar a autora á causa provincialista (López Otero 2007), un empeño que a correspondencia posterior de seu pai parece confirmar. Certamente na súa tentativa de *captatio* Murguía apela a unha certa concepción do feminino como elemento de consolación –servíndose da imaxe dunha Galiza infortunada e “desdichada” habitual na retórica provincialista, que a propia Narcisa utilizará no poema que dedica a Rosalía de Castro–, mais non por iso deixa de sinalar o valor intelectual (non unicamente sentimental) da xoven autora para a incorporar a unha misión que el mesmo define como “patriótica”.

⁸ Este poema non está datado mais o volume ordena as composicións –coa excepción da “Introdución”– en orde cronolóxica. Os poemas anterior e seguinte son de abril de 1865.

3. NARCISA PÉREZ REOYO E ROSALÍA: UN POEMA E UNHA CARTA

Cantos de la infancia inclúe tres poemas dedicados a *poetisas* (e ningún a un escritor): “Simpatía. En el álbum de la distinguida poetisa, señorita Doña Elisa Lestache”, “A la eminente poetisa señora Doña Rosalía Castro de Murguía” e “A la insigne poetisa Doña Carolina Coronado. Inspiración al leer sus versos. Soneto” (Pérez Reoyo 1865: 185, 219-222, 295-296)⁹.

A composición dedicada a Rosalía –asina da en abril de 1865– é, que saibamos, a primeira de autoría feminina que homenaxea a escritora santiaguesa. Con anterioridade, fora destinataria de “Improvisación. A la poetisa D^a R. C.” de Aurelio Aguirre (1857) e “A la señora doña Rosalía de Castro de Murguía, en la segunda función dramática a beneficio de los heridos en África. El Cuerpo escolar” sen autoría expresa (1860)¹⁰.

O poema está composto en oitavas reais –estrofa posta de actualidade polo “Canto a Teresa” de José de Espronceda–, e iníciase coa glosa do *topos* do tempo como destrutor (“Todo lo huella el tiempo en su carrera: / La dicha, la belleza, el poderío;”) e a inspiración como única sobrevivente a esta devastación:

Solo esplendente y pura sobrevive
La inspiración, que mágica y divina;
La mente con sus rayos ilumina

Mais logo vai afondar nunha certa recreación do universo poético rosaliano plasmado en *Cantares Gallegos*: a descrición paisaxística centrada no “fértil suelo de nuestra amada patria”, “su puro cielo”, “sus montañas, sus

valles deliciosos”, “sus azules y rizados mares”, e nas manifestacións da cultura popular como as “campestres fiestas”, as “dulces y sencillas alboradas”, as “melancólicas baladas” e

Las peregrinaciones celebradas,
Do los romeros, con afán ardiente
El premio ganan de su fe creciente

á que se suma a presenza de “los primores del ave, del arroyo y de las flores” como materia poética.

Nesta descrición intégranse a paisaxe plasmada nos *Cantares*, acorde co *topos* de Galiza como natureza elaborado polo provincialismo –e no que o propio Murguía insistira na presentación de *Cantos de la infancia*–, unha lectura selectiva do poemario rosaliano como retrato de costumes, a proxección do sentimento relixioso da autora e algúns trazos da poética romántica.

O louvor da inspiración da poeta homenaxeada e o destaque para cualidades da súa poesía como a musicalidade (“mágica cadencia delicada”) van pórse en contraste coas carencias e a insuficiencia da propia escrita, un *topos* que se combina coa identificación do obxecto da obra rosaliana: “Pero mi pobre y débil poesía / no es bastante a cantar la patria mía” (itálico meu).

Esta función patriótica vai ser subliñada na estrofa final, que exalta a autora precisamente polo seu cometido patriótico, asumindo a retórica e os tópicos provincialistas:

¡Ay! ensalza feliz, dulce cantora,
La mágica y purísima belleza
De nuestra patria, que afligida llora,

⁹ Elisa Lestache publicara dous poemas no *Álbum de la Caridad* e compartirá as páxinas do *Almanaque de Soto Freire* para 1869 con Rosalía e Narcisa (Marco 1993). Narcisa asinará un poema dedicado a Clara Corral (Pérez Reoyo 1874: 136-143) e será a destinataria de “A la poetisa gallega Narcisa Pérez Reoyo” (*El gallego. Periódico semanal* 5, 1879) de Emilia Calé. Todos eles son mostra do que Kirpatrick (1989) denominou e estudou como “irmandade feminina”. Sobre estas autoras, véxase Rodríguez e García Negro (1996) e Armas (2002).

¹⁰ Os poemas a Rosalía de Castro son moi numerosos, mais a maioría foron compostos logo do pasamento da escritora. Alonso Montero (1985) recolle unha selección, entre eles os dous que vimos de citar.

De su suelo fecundo la riqueza
 Los inmensos encantos que atesora,
 De su límpido cielo la pureza,
 Ya que la suerte te creó propicia
 Para inmortal cantora de Galicia.

Rosalía, por obra dos *Cantares Gallegos* glosados nestes versos, convértese en referente para a poesía galega, como Carolina Coronado, louvada no poema final de *Cantos de la infancia*, o será para a literatura española: dúas figuras femininas que marcan os dous camiños literarios que se abrían ante a xoven autora nesta altura.

Esta conversión de Rosalía en “inmortal cantora de Galicia” insírese na liña de recepción dos *Cantares Gallegos* que vai apagar, en certa medida, a súa obra literaria publicada con anterioridade. Por citarmos un exemplo estritamente coetáneo, José López de la Vega –que recensionara *Cantares para Galicia. Revista Universal de este Reino*–, no artigo “Variedades. Lamartine como poeta” (*La Discusión*, 26/08/1865), vai citar a “la tiernísima cantora de Galicia, doña Rosalía Castro de Murguía”. Quizais na fixación de Rosalía como “cantora de Galicia” –que prefigura a “rola de Galicia” do coñecido poema de Valentín Lamas Carvajal– actuase tamén o modelo da “poetisa del pueblo” como un dos referentes positivos para a muller escritora fixados no Romantismo (Sáez Martínez 2008), utilizado desde o ámbito provincialista para lexitimar a asociación entre tradición popular e voz feminina na nacente literatura galega.

Cando se publican os *Cantos de la infancia*, no ano 1865, Rosalía e Murguía residían en Compostela e a familia Pérez Reoyo Soto

na Coruña. Nas cartas de Narciso Pérez Reoyo a Murguía temos o testemuño da amizade e da cordialidade de relacións entre ambas as familias. Fica clara a admiración que o pai da poeta sentía polo historiador –“si soy su amigo más inútil, soy también el más apasionado” chegará a escribir (Barreiro e Axeitos 2003: 403)– e a súa decidida actividade para que a Deputación da Coruña patrocínase e librase a subvención para a *Historia de Galicia*. O epistolario proba tamén a tutela que Murguía, e talvez Rosalía, exerceron sobre o labor poético da xoven Narcisa, sempre a instancias paternas, pois o médico coruñés, como estamos a ver, actuou como un auténtico axente literario da filla¹¹.

Murguía non só aceptara prologar os *Cantos de la infancia* senón que vai revisar poemas posteriores seus, mediará para a publicación de algúns e revisará e correxirá o *Devocionario infantil* –non sabemos se coa axuda da autora dos *Cantares*. Pola súa parte, Rosalía escribiu cando menos unha “cariñosísima carta” a Narcisa, da que fai acuse de recibo seu pai a 12 de decembro de 1865 para xustificar a demora en responder da rapaza que “tiembla a la idea de tener que escribir a una persona cuyo elevado mérito reconoce y admira, así es que en medio de su ardiente deseo de hacerlo está preocupada y recelosa” (2003: 338).

Finalmente, transcorridas unhas poucas semanas, a 4 de xaneiro de 1866, Narcisa escribe á escritora compostelá¹²:

S^{ra}. D^a. Rosalia Castro de Murguia

Muy S^{ra}. mia: á su debido tiempo recibí la muy grata de V. á la que no he contestado antes, primeramente por el recelo que naturalmente me

¹¹ Na mesma correspondencia de Murguía hai mostras abundas deste labor. Soto Freire menciona en carta de 1 de agosto de 1865 que Pérez Reoyo lle ofrecera “algo de su niña” (Barreiro e Axeitos 2003: 311). En carta de 5 de outubro de 1866, Pérez Reoyo di a Murguía que escribirá a Soto Freire pois “tengo que remitirle una poesía de Narcisa para el calendario” (Barreiro e Axeitos 2003: 437).

¹² Facemos unha transcripción literal da carta, que se conserva no fondo Murguía da Real Academia Galega. Agradecemos á institución, na persoa do seu Secretario, Henrique Monteagudo Romero, as facilidades dadas para a súa consulta e á directora do seu Arquivo, Mercedes Fernández-Couto Tella, a reprodución dixital da carta.

causa el escribir, teniendo tan poca costumbre de hacerlo, a una persona tan ilustrada como V. por mas que el verdadero cariño que me inspira me animase á ello, y despues á causa de haber estado enferma como yá saben VV. por papá.

Ruego á V. que tenga la bondad de dispensarme esta tardanza que no ha consistido en falta de deseo.

Doy á V. las mas espresivas gracias por la indulgencia con que há mirado mis ensayos poeticos que de ningun modo merecen los elogios que V. hace de ellos, sin embargo me alegro en el alma de que sean del gusto de una persona tan autorizada como V. y que yo tanto aprecio. Quiera Dios que ellos me conduzcan algun dia á escribir algo que se parezca á los numerosos escritos con que V. honra a nuestro pais y a nuestro sexo.

Espero tener muy pronto ocasion de satisfacer mi vivo deseo de conocer á V. pues creo que no tardaremos en pasar á esa á cumplir una promesa hecha cuando mi enfermedad, y que no hemos cumplido antes á causa de las muchas ocupaciones de papá.

Mucho agradezco el ilustrado consejo de V. y procuraré seguirle en cuanto me lo permitan mis fuerzas, bien debiles por cierto para tan ardua empresa.

Tengo hechas algunas nuevas composiciones que deseo mucho vea su esposo de V. ó V. para decidirme á publicarlas en algun periodico.

Mis papás agradecen mucho los cariñosos recuerdos de V. y me encargan se los devuelva muy cariñosos. Haga V. presentes los mios á su esposo con besos á su niña, y no dude que es su sincera admiradora y amiga que la quiere y B. S. M.

Narcisa

Coruña 4 de Enero de 1866.

Esta resposta á carta de Rosalía –en que probablemente agradecía o envío de *Cantos de la infancia* e/ou a dedicatoria do poema– trasloce admiración por ela e unha profunda

gratidade polas palabras que dedicara aos seus “ensayos poéticos”. Ademais de encoraxar a actividade poética da moza, Rosalía debeu de lle dar consellos literarios para que proseguise a súa obra de creación, talvez con propostas e orientacións concretas que fan falar a Narcisa de “tan ardua empresa”. Da carta dedúcese tamén o apoio que o matrimonio Murguía-Castro estaba disposto a dar á poeta, que se acolle a unha tutela literaria que cando menos Murguía exerceu.

Narcisa reconece de novo a Rosalía como referente para a literatura galega, mais tamén para a literatura escrita por mulleres, nunha lectura da significación da súa obra e da súa figura pública máis ampla que a do poema que lle dedicara en *Cantos de la infancia*. Nese recoñecemento está incluída a afirmación da vocación literaria da propia Narcisa que tamén dá mostras da súa constancia na escrita poética.

Así mesmo, esta carta confirma que non se coñecían persoalmente, un “vivo deseo” que Narcisa espera poder cumprir nunha próxima visita a Compostela. Nunha carta posterior de Narciso Pérez Reoyo a Murguía, do día 23 de xaneiro, menciónase a inminente visita da xoven, e como o matrimonio se ofrecera a hospedala, oferta que a familia ten que rexeitar “porque tiene en esa a su padrino, a cuya casa irá a parar” (Barreiro e Axeitos 2003: 349). Acompañaba a misiva un retrato da poeta “como una pequeña prueba de cariño” para o matrimonio.

Na mesma carta Murguía é de novo solicitado para revisar as poesías de Narcisa –“Ruego a U. que las corrija a su gusto”– e informado das súas empresas literarias no momento –“una colección de oraciones cortas con destino a los niños” (2003: 349). As primeiras composicións deben ser as mesmas que, en carta de 10 de marzo, lle comunica que a filla se decide por enviar a Pilar Sinués de Marco¹³ para o seu periódico, pedíndolle unha carta

¹³ Poeta, narradora, dramaturga, tradutora, xornalista, directora de publicacións periódicas. Autora de *El ángel del hogar* (1859), un manual de urbanidade e moral feminina (Simón Palmer 1991).

para acompañar a remisión (2003: 358). Finalmente foi o propio Murguía quen escribiu a Pilar Sinués, directora de *El ángel del hogar*, que a 18 de marzo lle contesta prometendo publicar algún dos poemas “en el número de último de mes” e emitindo un xuízo moi favorábel da autora: “tiene genio; que es tener mucho más que talento” (2003: 363). No mes seguinte, a revista de Pilar Sinués publicará unha recensión de *Cantos de la infancia*, da autoría de R. Milán que ponderará a poesía da autora, que simbolizará na modesta e fresca violeta (Rabaté 2006: 100).

A tutela murguiana sobre a escritora continuará durante o proceso de elaboración e publicación do *Devocionario infantil*, unha obra na intersección entre a literatura devota e a pedagogía infantil¹⁴, xéneros ambos de preferencia das autoras católicas no século XIX. Varias cartas de Narciso Pérez Reoyo a Murguía entre os días 23 de xaneiro de 1866 e 14 de abril de 1867 testemuñano. A principios de setembro dáse o volume como concluído (Barreiro e Axeitos 2003: 426) e a finais dese mesmo mes, Narciso roga “a U. y a Rosalía que lo lean y hagan en él las correcciones que juzguen más necesarias, dándonos su ilustrada opinión acerca de él” (2003: 434). Murguía compraceu o amigo e unhas semanas despois, en carta de 18 de outubro, Pérez Reoyo agradece o seu labor e o visto bon ao libro (“nos alegramos muchísimo de que esa obrita sea del agrado de U. y de Rosalía”) e avanza aínda a petición de que corrixa materialmente a obra:

Ahora, con el objeto de que el “Devocionario” salga más correcto, y a fin de que no tenga que volver a Santiago, le estimáramos que U. o su Sra. tuviesen la bondad de hacerle las correcciones de que me habla, con lo cual, entregándoselo a Ulla, puede venir ya aprobado por la censura eclesiástica. Las correcciones pueden hacerse en la copia que U. tiene en su poder, pues las páginas que no sirvan se

volverán a copiar. Con el mismo objeto incluyo esa oración que se quedó trasconejada. (2003: 438)

En carta de 30 de outubro reitera o agradecemento a Murguía e a compracencia polo feito de que o volume sexa “del agrado de U. y de Rosalía, y con esto podemos además estar seguros de que *será bien acogido por el público*” (2003: 439, *italico meu*). A poeta aínda debeu traballar sobre o orixinal corrixido por Murguía, a xulgar pola afirmación de seu pai de que o libro estaba nese momento “corregido ya en todo lo posible por Narcisa con arreglo a los ilustrados y cariñosos consejos de V.” (2003: 439).

Finalmente, en marzo de 1867, o libro é publicado por Manuel Soto Freire, o editor da *Historia de Galicia* de Murguía e, nese mesmo ano, de *El caballero de las botas azules* de Rosalía. Pérez Reoyo envíalles “un ejemplar del *Devocionario* que Narcisa ruega a U. acepte para su niña” (2003: 496) e posteriormente, a 14 de abril, celebra “que el librito de Narcisa sea del agrado de U.U.” (2003: 505).

Nas cartas publicadas de Pérez Reoyo a Murguía non volve haber mencións á poesía da súa filla, e non temos outros datos que nos permitan saber se se mantivo a relación literaria entre o matrimonio Murguía-Castro e Narcisa, nin sequera se Narcisa e Rosalía chegaron a coñecerse persoalmente.

A traxectoria poética da autora vai continuar, cada vez máis allea ao ámbito provincialista en que, coa mediación de seu pai, Murguía e probabelmente Rosalía tentaron inserila. Un labor que comprendía a construción dunha literatura galega diferenciada da española, con características de seu, que se levou a cabo non sen tensións e diferenzas. Narcisa Pérez Reoyo acabará sendo un exemplo de escritora católica isabelina, nunha deriva que Alfredo

¹⁴ Pilar Pascual, María Quintano, a propia Gertrudis Gómez de Avellaneda son citadas, xunto con Narcisa Pérez Reoyo, como autoras de devocionarios onde encontra “el espíritu conturbado consoladoras esperanzas y espirituales alivios” (Criado y Dominguez 1889: 56).

Vicenti consideraba que afectara a calidade da súa obra e que fora propiciada polo “infausto” encontro cun sacerdote andaluz a principios da década de setenta (Vicenti 1880). Mesmo así, a relación de mocidade de Narcisa con

Rosalía permítenos ver unha outra imaxe da autora santiaguesa, próxima a outras mulleres escritoras, neste caso a unha moza que a consideraba un referente como escritora e como escritora galega.

5. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALONSO MONTERO, Xesús (1985): *Coroa poética para Rosalía de Castro*. Vigo: Xerais.
- ARMAS, Celia (2002): *As mulleres escritoras (1860-1870). O xenio de Rosalía*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón (2012): *Murguía*. Vigo: Galaxia.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón e Xosé Luís AXEITOS (2003-2005): *Cartas a Murguía*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2 vols.
- CAÑETE, Manuel (1873): “Prólogo”, en N. Pérez Reoyo, *Horas perdidas*. Lugo: Soto Freire, pp. V-XIII.
- CASTRO DE MURGUÍA, Rosalía (1865): “Las literatas. Carta a Eduarda”, *Almanaque de Galicia para uso de la juventud elegante y de buen tono 1866*. Lugo: Soto Freire, pp. 56-58.
- CRÍADO Y DOMÍNGUEZ, Juan P. (1889): *Literatas españolas del siglo XIX. Apuntes bibliográficos*. Madrid: Imprenta de Antonio Pérez Dubrull.
- KIRPATRICK, Susan (1989): *Las románticas. Women Writers and Subjectivity in Spain (1835-1850)*. Berkeley / Los Angeles / London: University of California Press.
- LÓPEZ OTERO, M^a Anjos (2007): “Produção literária de autoria feminina galega entre as décadas 1860-1880. Os casos de: Rosalía de Castro, Emilia Calé, Narcisa Pérez Reoyo e Emilia Pardo Bazán”, en H. González Fernández e M^a X. Lama López (eds.), *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos da península*. Sada: Edición do Castro / Asociación Internacional de Estudos Galegos / Universitat de Barcelona, pp. 181-190.
- MARCO, Aurora (1993): *As precursoras. Acheegas para o estudo da escrita feminina (Galiza 1800-1936)*. A Coruña: La Voz de Galicia.
- MIGUÉLEZ-CARBALLEIRA, Helena (2014): *Galiza, um povo sentimental. Género, política e cultura no imaginário nacional galego*. Santiago de Compostela: Através Editora.
- MURGUÍA, Manuel (1857): “La flor. Poesías de Rosalía de Castro”, *La Iberia* 12/05/1857.
- (1858): “Poesía gallega contemporánea”, *El Museo Universal* 2, pp. 10-11; 4, pp. 30-31; 6, p. 42.
- (1865a): “Prólogo”, en N. Pérez Reoyo, *Cantos de la infancia*. A Coruña: Tipografía Galaica, pp. 9-27.
- (1865b): *Historia de Galicia*. Lugo: Soto Freire.
- PÉREZ REYO, Narcisa (1862): “A una golondrina”, *Álbum de la Caridad. Juegos florales de La Coruña en 1861 seguido dun Mosaico poético de nuestros vates gallegos contemporáneos*. A Coruña: Imprenta del Hospicio Provincial, pp. 235-236.
- (1865): *Cantos de la infancia*. A Coruña: Tipografía Galaica.
- (1867): *Devocionario infantil en verso*. Lugo: Soto Freire.

——— (1873): *Horas perdidas*. Lugo: Soto Freire.

RABATÉ, Colette (2006): “Les Espagnoles créatrices dans la presse à l’époque d’Isabelle II (1833-1868)”, en F. Etienvre (ed.), *Regards sur les espagnoles creatrices: XVIIe-XXe siècle*. Paris: Presses Sorbonne Nouvelle, pp. 93-106.

RODRÍGUEZ, Francisco e Pilar GARCÍA NEGRO (1996): “Literatura feminina e feminista da segunda metade do século XIX”, en *Historia da literatura galega*. Vigo: A Nosa Terra / Asociación Socio-Pedagóxica Galega, pp. 354-384.

SÁEZ MARTÍNEZ, Begoña (2008): “Críticos, críticas y criticadas: el discurso crítico ante la mujer de letras”, en P. Fernández e M. Linda Ortega (eds.), *La mujer de letras o la letraherida. Discursos y representaciones sobre la mujer escritora en el siglo XIX*. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas, pp. 33-52.

SERVÉN, Carmen (2008): “Las escritoras españolas en la prensa infantil hacia 1870”, en P. Fernández e M. Linda Ortega (eds.), *La mujer de letras o la letraherida. Discursos y representaciones sobre la mujer escritora en el siglo XIX*. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas, pp. 409-425.

SIMÓN PALMER, María del Carmen (1983): “Escritoras españolas del siglo XIX o El miedo a la marginación” en *Anales de Literatura Española de la Universidad de Alicante* 2, pp. 476-96.

——— (1991): *Escritoras españolas del siglo XIX. Manual biobibliográfico*. Madrid: Castalia.

——— (2011): “En busca del mecenazgo real: autoras románticas y Palacio”, *Anales* 23, pp. 289-308.

VICENTI, Alfredo (1880): “Narcisa Pérez Reoyo”, *La Ilustración Gallega y Asturiana* 08/11/1880.